



CAMPIONATO XUNTA GALICIA DE ESCALADA DE DIFICULTADE CIDADE DE A CORUÑA 2024

O Campionato Xunta de Galicia de Escalada de Dificultade, “*Cidade de A Coruña*” 2024 celebrarase no Rocódromo do Riazor, en a Coruña, nunha única xornada o sábado 12 de outubro do 2024.

Ubicación do rocódromo: Rúa Manuel Murguía <https://goo.gl/maps/r42YBg18jsjL1DiS7>

A **inscrición** faise na páxina web da FGM, www.fedgalmon.gal, **no club de pertenza ou directamente sobre o link de seguinte liña**

Link da inscrición: <https://fgm.playoffinformatica.com/InscripcioWeb.php?idLliga=173>

Link para os consentimentos informados <https://forms.gle/1Pc2VQLCQm1oXZTk9>

As categorías e cotas de participación son:

ALEVÍN	Sub12, 10 ou 11 anos durante o 2024	15 €
INFANTIL	Sub14, 12 ou 13 anos durante o 2024	15 €
CADETE	Sub16, 14 ou 15 anos durante o 2024	15 €
XUVENIL	Sub18, 16 ou 17 anos durante o 2024	15 €
ABSOLUTA	Maior de 18 anos ou cumpridos durante o 2024	15 €
VETERÁN +40	Cumpra os 40 anos durante o 2024	15 €

Existen dúas modalidades de pago:

- Mediante a pasarela de pago (tarxeta de crédito) no enlace online.
- Mediante ingreso no seguinte número de conta: *ES20 2080 5104 86 3040016923*, enviando por mail (*directortecnico@fedgalmon.gal*) o resgardo de ingreso coa inscrición: “*Campionato Xunta de Galicia de Escalada de Dificultade, Cidade de A*”



Coruña 2024” (solo para clubes que fagan inscricións colectivas dos seus deportistas).

O prazo de inscrición remata o luns día **30 de setembro de 2024 as 23:59 horas.**

As inscricións estarán limitadas a un número máximo de 150 deportistas, sumando todas as categorías e xéneros. O número mínimo de participantes por categoría é de 4.

Cada club de escalada que presente un mínimo de cinco deportistas inscritos presentará un delegado.

Os e as competidoras terán que

- Dispor da licenza deportiva, FGM ou FEDME, ou de calquer país, do ano en curso coas coberturas na especialidade de escalada.
- Presentar o **consentemento informado en actividades oficiais da FGM**, e no seu caso consentemento paterno (<https://forms.gle/1Pc2VQLCQm1oXZTk9>)
- Todos e todas os/as deportistas terán que escalar con material deportivo de escalada. O casco e arnés obrigatoriamente homologados para a actividade de escalada.
- Cada competidor e competidora terá que levar o seu avituallamento.
- O reglamento de aplicación será o que conste subido a páxina web da federación no momento da competición.

Na charla técnica ultimaránse os detalles sobre os horarios que se remitirán provisionalmente por categorías días antes da competición.